

**ACTA NUMERO VINTESETE DAS CELEBRADAS POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE
CONCELLO EN SESIÓN ORDINARIA O DÍA VINTEOITO
DE XULLO DE DOUS MIL NOVE : - - - - -**

=====

PRESIDENTA:

D^a. Catalina González Bea

CONCELLEIROS:

D. Salvador Duran Bermúdez
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Angel Casal Moldes
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Manuel López Méndez
D^a Susana Fernández Trelles
D. Martín Otero Otero
D^a Gloria González Camiña
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D. Albino González Caneda
D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. Manuel Lores Puente
D. José-Ramón López Fernández
D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

SECRETARIO :

D. Ángel – Luis López Pita.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinteoito de Xullo de dous mil nove.- Baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse no Salón de Sesións os Sres. Concelleiros que ao marxe relaciónanse co fin de celebra-la sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma..Pola Presidencia declárase aberta e pública a sesión, ao obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria.-

A) PARTE DISPOSITIVA :

ACTA ANTERIOR :

288 : APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE MAIO DE 2009 : Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

O **Sr. Otero Domínguez ,voceiro do Grupo Municipal do B.N.G.,** indicou que cometeuse un erro na relación de asistentes ao figurar o edil que renunciou D. Roberto A. Fernández Lores. O Sr. Secretario indicou que procederíase a rectificar o citado erro de transcripción.

Ao non formularse máis observacións, aprobouse a referida acta,coa corrección apuntada no parágrafo anterior,por unanimidade.-----

289 : PROPOSTA DO GRUPO DO B.N.G. PARA DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE DO CONCELLO DE SANXENXO NA XUNTA XERAL DA “EMPRESA MIXTA TURISMO DE SANXENXO, S.L.” : Polo **Sr. Secretario** dáse lectura ao ditame da Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais, de data 23 de Xullo actual, que na súa parte dispositiva di :

“”””.....designar a Concelleira **Dª. GLORIA GONZÁLEZ CAMIÑA,** como representante do **Grupo Municipal do B.N.G.** na Xunta Xeral da Empresa”””””.

Ao non haber ningunha intervención a Sra. Presidenta someteu a votación a proposta do B.N.G. que aprobouse por unanimidade e, polo tanto, quedou designada como representante do Concello de Sanxenxo na Xunta Xeral da Empresa Mixta Turismo de Sanxenxo, S.L. a concelleira **D. GLORIA GONZÁLEZ CAMIÑA.-**

290 : ELECCIÓN DO MEMBRO VACANTE DA XUNTA DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS EN REPRESENTACIÓN DO CONCELLO DE SANXENXO : O **Sr. Secretario** informou que de conformidade co disposto no artigo 4º dos Estatutos da Mancomunidade do Salnés, a designación do membro vacante da Xunta da Mancomunidade en representación deste Concello debía realizarse mediante elección no Pleno na que cada Concelleiro so podía votar a un candidato, engadindo que xa se presentara a candidatura da Concelleira **Dª. Sandra Fernández**

Agraso mediante escrito presentado por Rexistro de Entrada co N° 4752.

A **Sra. Presidenta** preguntou xe se presentaba algún outro candidato. Ao non presentarse ningún procedeuse a votación na que **D^a. Sandra Fernández Agraso** obtivo o voto dos 17 membros do Pleno do Concello.

En consecuencia **D^a. Sandra Fernández Agraso** pasa a ser membro da Xunta da Mancomunidade do Salnés en representación do Concello de Sanxenxo, ocupando o posto vacante pola renuncia de D. Roberto-Alfonso Fernández Lores.

O Portavoz do B.N.G. **D. David Otero Domínguez** agradeceu aos grupos políticos que respectasen a representatividade existente para designación deste representante do Concello na Mancomunidade do Salnés.-----

291 : PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO “PROGRAMA DE PREVENCIÓN E CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR”
: Polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame da Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais, de data 23 de Xullo actual, que na súa parte dispositiva di :

“””””

PRIMEIRO : Aprobar o **PROGRAMA DE PREVENCIÓN E CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR**, que consta de 28 páxinas, incluídos os anexos documentais.

SEGUNDO : Remitir certificación do acordo a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Xefatura Territorial de Pontevedra, para o seu coñecemento e efectos.

TERCEIRO : Comprometese a consignar nos orzamentos de **2010** a cantidade suficiente para desenvolver o programa”””””.

A **Sra. Lago Martínez, Concelleira Delegada de Cultura – Educación** sinalou que tal e como se manifesta no primeiro parágrafo do documento a aprobar por este pleno, o acceso á educación é un dereito fundamental e irrenunciable recoñecido como tal polos organismos internacionais e polo conxunto da lexislación vixente en materia de educación e protección do menor a nivel estatal. Todos e todas (institucións e cidadáns) temos a obriga de dar a coñecer e traballar por aqueles casos nos que detectemos o incumprimento dese dereito

O absentismo escolar, coñecido xeralmente como a falta habitual de asistencia ás aulas, non é un problema relevante no noso concello. Sen embargo actualmente os expertos en educación veñen considerando como absentismo escolar outras condutas como a falta de puntualidade ou o desinterese e boicot ao proceso de ensinanza - aprendizaxe por parte do alumnado que é coñecido como absentismo pasivo. Estas si son condutas que se dan significativamente nos centros educativos do municipio.

O *Programa de prevención e control do absentismo escolar* quere ser, entre outros fins, unha ferramenta mais da que se valgan o profesorado e as administracións para actuar de forma máis coordinada e rápida nestas situacións e poder

así reconducilas.

Dicir que se trata dun programa consensuado e elaborado tendo en conta a realidade concreta dos centros educativos do municipio. Durante o curso 2008-09, representantes dos equipos directivos, representantes das ANPAS e Concello traballaron conxuntamente na redacción deste documento que conta coa aprobación de Inspección Educativa.

Antes de rematar quero manifestar a satisfacción que sinto como concelleira de educación polos resultados dese traballo en equipo e que se plasma, entre outras cousas, neste documento. Tamén quero agradecer a todas e cada unha das ANPAS, a todos e cada un dos centros educativos e aos técnicos das diferentes áreas deste concello a súa disposición e as ganas que puxeron durante nas reunións de traballo que mantivemos durante este curso. O plan de absentismo escolar será unha realidade grazas o traballo de todos

O Sr. Otero Domínguez,voceiro do Grupo Municipal do B.N.G. sinalou que xa fixeron aportacións en comisión e votarían a favor da proposta.

O Sr. Rodríguez Lorenzo,voceiro do Grupo Mixto dixo que votaría a favor porque o programa o merece.

A Sra. Aguíñ Pombo,voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, vista a aportación realizada polos distintos intervenientes da redacción da proposta, especialmente as ANPAS, manifestou que a apoiaría.

A Sra. Lago Martínez,Concelleira Delegado de Cultura – Educación agradeceu o apoio de tódolos grupos políticos.

Ao non producirse máis intervencións a Presidencia someteu a votación o contido da proposta que foi aprobada por unanimidade e, en consecuencia, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO : Aprobar o **PROGRAMA DE PREVENCIÓN E CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR**, que consta de 28 páxinas, incluídos os anexos documentais.

SEGUNDO : Remitir certificación do acordo a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Xefatura Territorial de Pontevedra, para o seu coñecemento e efectos.

TERCEIRO : Comprometerse a consignar nos orzamentos de **2010** a cantidade suficiente para desenvolver o programa.-----

292 : PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA “ADHESIÓN DO CONCELLO DE SANXENXO Ó CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN

ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E AS ENTIDADES XESTORAS DOS SISTEMAS INTEGRADOS DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS”

: Polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame da Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais, de data 23 de Xullo actual, que na súa parte dispositiva di :

“”””
.....
.....
.....

“”””**PRIMEIRO** : Adherirse ó Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e as Entidades Xestoras dos Sistemas Integrados de Xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE,s), de conformidade co Modelo enviado pola Consellería do tenor literal seguinte :

“””” Documento de adhesión do Concello de Sanxenxo ao Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio ambiente e Desenvolvemento sostible de Galicia e as Entidades Xestoras dos Sistemas Integrados de Xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE,s)

Visto o artigo 7.2 do Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos prevé a participación das Entidades Locais nos sistemas integrados de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, mediante a adhesión ao convenio de colaboración asinado entre os sistemas integrados de xestión e as Comunidades Autónomas.

Dado que a Resolución de autorización do sistema Integrado de Xestión, prevé que os entes locais poderán participar voluntariamente no sistema integrado autorizado, facéndose efectiva a participación mediante a adhesión ao Convenio de colaboración entre a CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DE GALICIA e as entidades xestoras dos SIG.

Mediante o presente escrito, solicitamos a adhesión ao convenio de colaboración asinado con data 19/01/2009 entre a CONSELLERÍA DE MEDIO E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DE GALICIA, e as entidades xestoras dos SIG co fin de garantir o cumprimento do Real Decreto 208/2005 do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos.

De conformidade co pacto quinto do Convenio de colaboración referido anteriormente, achegamos o presente escrito o acordo expreso de adhesión por parte do Pleno do Concello, o cal inclúe a asunción dos compromisos mínimos contidos no referido pacto.

En Sanxenxo a de 200
O Alcalde do Concello de Sanxenxo “””””

SEGUNDO : Asumir os compromisos para o Concello que se reflicten no texto do Convenio Marco.

TERCEIRO : Remitir certificación do presente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para asinar o correspondente documento de adhesión por parte da Alcaldía de Sanxenxo “””””.

Ao non producirse debate a **Sra. Presidenta** someteu a votación o contido da proposta que foi aprobada por unanimidade e, en consecuencia, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO : Adherirse ao Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e as Entidades Xestoras dos Sistemas Integrados de Xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE,s), de conformidade co Modelo enviado pola Consellería do tenor literal seguinte :

“””” Documento de adhesión do Concello de Sanxenxo ao Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio ambiente e Desenvolvemento sostible de Galicia e as Entidades Xestoras dos Sistemas Integrados de Xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE,s)

Visto o artigo 7.2 do Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos prevé a participación das Entidades Locais nos

sistemas integrados de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, mediante a adhesión ao convenio de colaboración asinado entre os sistemas integrados de xestión e as Comunidades Autónomas.

Dado que a Resolución de autorización do sistema Integrado de Xestión, prevé que os entes locais poderán participar voluntariamente no sistema integrado autorizado, facéndose efectiva a participación mediante a adhesión ao Convenio de colaboración entre a CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DE GALICIA e as entidades xestoras dos SIG.

Mediante o presente escrito, solicitamos a adhesión ao convenio de colaboración asinado con data 19/01/2009 entre a CONSELLERÍA DE MEDIO E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DE GALICIA, e as entidades xestoras dos SIG co fin de garantir o cumprimento do Real Decreto 208/2005 do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos.

De conformidade co pacto quinto do Convenio de colaboración referido anteriormente, achegamos o presente escrito o acordo expreso de adhesión por parte do Pleno do Concello, o cal inclúe a asunción dos compromisos mínimos contidos no referido pacto.

*En Sanxenxo a de 200
O Alcalde do Concello de Sanxenxo """"*

SEGUNDO : Asumir os compromisos para o Concello que se reflicten no texto do Convenio Marco.

TERCEIRO : Remitir certificación do presente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para asinar o correspondente documento de adhesión por parte da Alcaldía de Sanxenxo.-----

293 : PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO “NOVO REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE SANXENXO” : Polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame da Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais, de data 23 de Xullo actual, que na súa parte dispositiva di :

“”””-----

PRIMEIRO: Aprobar Inicialmente o “NOVO REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE SANXENXO”, que consta de 24 Artigos, 1 Disposición Final e 6 Anexos.

SEGUNDO: Que se expoña durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia o expediente ós efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se produciran.

TERCEIRO: O presente regulamento entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no Artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local””””””.

O non producirse debate a Sra. Presidenta someteu a votación o contido da proposta que foi aprobada por unanimidade e, en consecuencia, o Pleno da Corporación

adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO: Aprobar Inicialmente o “**NOVO REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE SANXENXO**”, que consta de **24 Artigos, 1 Disposición Final e 6 Anexos.**

SEGUNDO: Que se expoña durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia o expediente aos efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se produciran.

TERCEIRO: O presente regulamento entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no Artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.-----

294 : PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2010 : Polo **Sr. Secretario** dáse lectura ao ditame da Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais, de data 23 de Xullo actual, que na súa parte dispositiva di :

“””””

Consecuentemente a Comisión Informativa de Asuntos Xerais por unanimidade, acorda prestar aprobación a Proposta da Alcaldía – Presidencia e ditaminar favorablemente ó Pleno Municipal, para que se designen como días de Festa Local para o **ano 2010** os seguintes :

* **5 de Abril (Luns de Pascua)**

* **25 de Agosto (San Xenxo)”””””**

O non producirse debate a **Sra. Presidenta** someteu a votación o contido da proposta que foi aprobada por unanimidade e, en consecuencia, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo :

- **05 de Abril (Luns de Pascua)**
- **25 de Agosto (San Xenxo).-----**

295 : PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA SEGREGACIÓN DAS PARCELAS DAS FINCAS REXISTRAIS NÚMS. 43.067 E 38.377 DO REXISTRO DA PROPIEDAD DE CAMBADOS, E INCLUSIÓN NO INVENTARIO MUNICIPAL DAS RESULTANTES DA SEGREGACIÓN : Polo **Sr. Secretario** dáse lectura ao ditame da Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais, de data 23 de Xullo actual, que na súa parte dispositiva di :

“””””
.....
.....
.....

PRIMEIRO : Autoriza-la Segregación das porcións de terreo integrantes das fincas de titularidade municipal inscritas no Rexistro da Propiedade de Cambados como Fincas Rexistras ns. 43067 e 38377, na forma que se determina no informe emitido polo Arquitecto Municipal en data 20 de xullo de 2009, que se transcribe na presente Proposta.

SEGUNDO : A inclusión no Inventario Xeral de Bens Municipais tanto das porcións segregadas como do resto de fincas matrices resultantes das operacións de Segregación que se autoricen.

TERCEIRO : Facultar a Alcaldesa-Presidenta para realiza-los actos e operacións xurídicas que resulten pertinentes os efectos de levar a efecto o acordo que se adopte, incluíndo a firma da correspondente Escritura Pública de Segregación e as tarefas necesarias que conduzan á inscrición das fincas resultantes desta operación no Rexistro da Propiedade competente.-----

Ao non producirse debate a **Sra. Presidenta** someteu a votación o contido da proposta que foi aprobada por unanimidade e, en consecuencia, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO : Autoriza-la Segregación das porcións de terreo integrantes das fincas de titularidade municipal inscritas no Rexistro da Propiedade de Cambados como Fincas Rexistras Núms. **43.067 e 38.377**, na forma que se determina no informe emitido polo Arquitecto Municipal en data 20 de Xullo de 2009.

SEGUNDO : A inclusión no Inventario Xeral de Bens Municipais tanto das porcións segregadas como do resto de fincas matrices resultantes das operacións de Segregación que se autoricen.

TERCEIRO : Facultase á Alcaldesa - Presidenta para realiza-los actos e operacións xurídicas que resulten pertinentes aos efectos de executar o acordo que se adopte, incluíndo a firma da correspondente Escritura Pública de Segregación e as tarefas necesarias que conduzan á inscrición das fincas resultantes desta operación no Rexistro da Propiedade competente.-----

296 : EXPTE. NÚM. U-35/07 DE “MIRADOR DE SANXENXO, S.L.”
– APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN PARCIAL EN DESENVOLVEMENTO DO SOLO URBANIZABLE Nº 14, EN MONTE FARO E RATIFICACIÓN DO TEXTO DEFINITIVO DO CONVENIO URBANÍSTICO SUBSCRITO ENTRE A ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL E MIRADOR DE SANXENXO, S.L., EN DATA 17.07.09 : Polo **Sr. Secretario** dáse lectura ao ditame da Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Urbanismo, de data 23 de Xullo actual, que na súa parte dispositiva di :

“””””
.....
.....

¹⁰⁾ Propoñer ó Pleno do Concello de Sanxenxo prestar Aprobación Definitiva o Plan Parcial, adaptado á Memoria Ambiental, para o desenvolvemento do Solo Urbanizable nº 14 (SU-14), sito no lugar de Monte Faro, de xuño de 2009, redactado polo Enxeñeiro de Camiño, Canles e Portos D. Roberto Aya Duarte (Interurban S.A.), e Visado polo Colexio de Enxeñeiros de Camiño, Canles e Portos á data 6 de xullo de 2009, coa incorporación ó mesmo do Plan Director de Infraestructuras de Abastecemento e Saneamento do termo Municipal aprobado por Acordo Plenario adoptado en sesión extraordinaria celebrada o 3 de novembro de 2006, co Plan Cuatrienal de Investimentos e Financiamento incluído nos Orzamentos dos exercicios 2007, 2008 e 2009 en execución do Plan Director, e do Anexo de Investimentos do Plan de Abastecemento e Saneamento incluído en ditos exercicios, conforme ó disposto no Informe de Fiscalización do Interventor Xeral de 20 de xullo de 2009; todo elo, o abeiro do disposto no artigo 86.2) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Deixando expresa constancia de que, conforme ó disposto na Memoria Ambiental emitida pola Consellería de Medio Ambiente, e Desenvolvemento Sostible de data 30 de marzo de 2009, rectificada mediante Resolución do Secretario Xeral de

aprobase a tempo este Plan Parcial, non atopándose en disposición esta institución de devolver este diñeiro. O intervinente engadiu que o máis negativo era que a parte minoritaria da Xunta de Compensación probablemente non ten coñecemento do que lle vaia corresponder aboar proporcionalmente, pero tampouco se pronunciaron ao respecto. Finalmente indicou que apoiaría este punto do orde do día.

A Sra. Aguíñ Pombo,voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo salientou que o expediente era complexo e que os informes, algúns dos cales son meros recordatorios do tramitado sen postularse,non tiñan a contundencia debida para un asunto tan complicado. Tamén aludiu ás dúbidas manifestadas no informe da Intervención e a reseña que en este faise sobre que o Concello non ten capacidade para abordar o plan de financiamento. A vista dos antecedentes e considerando que existe unha falta de garantías votarán en contra da proposta.

O Sr. Otero Domínguez,voceiro do Grupo Municipal do B.N.G. salientou que unha actuación dun impacto tan grande sobre o entorno so podería xustificarse por un beneficio para o concello moi grande que non ve claro neste caso.Tamén indicou que existía a idea dunha actuación conxunta para os Solos Urbanizables Números 13 e 14 a cambio dunha serie de equipamentos, considerando moi difícil que o Concello obteña os que lle corresponde ao Núm. 13 porque os promotores deste consideran que existe un maior beneficio para o Solo Urbanizable Núm.14 e, en cambio, as cargas correspóndenlle a eles. Finalmente aludiu a importancia das vivendas de promoción pública garantidas mediante a lei correspondente aprobada polo anterior Goberno da Xunta e ao seu voto en contra polo citado engadindo que,de saída, opoñíanse a operacións como esta de gran impacto sobre o entorno.

A Sra. Presidenta aludiu a circunstancia de que o B.N.G. estivese dacordo coa obriga fixada na lei de que os Solos Urbanizables tiveran unha reserva para vivendas de protección oficial cando, como consecuencia da aprobación do PXOM, Sanxenxo ten unha importante reserva de vivendas de promoción pública, o que motivou a oposición do Concello a imposición por parte da Consellería da Vivenda,entón gobernada polo B.N.G., dunha actuación específica en esta materia. Salientou a carácter vantaxosa do convenio con unha entrega voluntaria de gran importancia e a aportación de importantes equipamentos para este Concello como era 1.000.000 m2. de parque público aparte do que lle correspondería no Solo Núm. 13 (Campo de Golf). Rexeitou a alusión realizada á idea da aprobación conxunta e engadiu que cada un dos solos teña as súas cargas e beneficios. Por último citou que o expediente tiña os informes obrigatorios e máis, incluso consultouse co asesoramento externo xa que tratábase de manter as condicións do convenio independentemente da modificación provocada coa aprobación da lei en materia de reserva de solo para vivenda de protección oficial que,por suposto,respectase, amosando o actuado a capacidade de xestión do goberno municipal.

O Sr. Otero Domínguez,voceiro do Grupo Municipal do B.N.G. sinalou que non fixera referencia á capacidade de xestión de ninguén e matizou que a monetarización foi practica habitual neste tipo de actuacións,non so neste concello. Reiterou que non estaba dacordo con unha urbanización desta magnitude e máis cando a compensación non era a desexable, debendo ser superior. Tamén significou que o

mantemento no futuro lle corresponderá ao Concello e dúbida que teña capacidade para afrontalo. Por último aludiu as eivas vistas nos informes, a pesares das cales o grupo de goberno vai para adiante na tramitación do expediente.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, en representación do Grupo Mixto** dixo que a pesares do escaso tempo que lle deron si estudiou o Convenio e non vai a votar a favor para apoiar a Alcaldesa senón porque tratase dun dereito adquirido polos propietarios, figurando no expediente os informes necesarios, sendo especialmente contundente o de Intervención e lembrando que tratase de acadar que se manteña a entrega do diñeiro independentemente da nova obriga de reserva de vivenda de protección oficial. Finalmente indicou, respecto das contrapartidas ao Concello, que o mérito do Convenio era da paisaxe marabillosa deste termo municipal e tamén precisou que unha cousa e que exista a reserva e que outra é o intre nos que os promotores comezarán a edificar as vivendas de protección oficial.

A **Sra. Aguíñ Pombo, en representación do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo** indicou que a cuestión non era sobre si debía ou non urbanizarse, se non garantir que non se devolva o diñeiro aportado polos promotores e preguntoulle a Alcaldesa si con este acordo existía a garantía de que non reclamaran os promotores. A Presidenta contestou que non podía saber si os promotores ían ou non a reclamar. Continuou a Sra. Aguíñ Pombo para dicir que cos informes existentes non se producen as garantías necesarias a pesares de que se dixo que todo estaba atado e ben atado.

A **Sra. Presidenta**, independentemente de que reclamen ou non os promotores, indicou que tiña a obriga de pedir os informes necesarios e considera que neles ofrécense as garantías suficientes, en cambio, se non se aproba o Plan Parcial, é cando o Concello tería que devolver o diñeiro. Tamén defendeu que o Convenio era bo, non so polas circunstancias naturais deste Concello senón por comparación co acadado por outros Concellos.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que deuse o seguinte resultado :

Votos a favor : dez (Grupo Municipal do P.P. e Grupo Municipal Mixto)

Votos en contra : sete (Grupo Municipal do B.N.G. e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo)

Abstencións : cero

En consecuencia o Pleno da Corporación, por maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO : Aprobar definitivamente o Plan Parcial, adaptado á Memoria Ambiental, para o desenvolvemento do Solo Urbanizable nº 14 (SU-14), sito no lugar de Monte Faro, de xuño de 2009, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Roberto Aya Duarte (Interurban S.A.), e Visado polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos á data 6 de xullo de 2009, coa incorporación ó mesmo do Plan Director de Infraestructuras de Abastecemento e Saneamento do termo Municipal aprobado por Acordo Plenario adoptado en sesión extraordinaria celebrada o

3 de novembro de 2006, co Plan Cuatrienal de Investimentos e Financiamento incluído nos Orzamentos dos exercicios 2007, 2008 e 2009 en execución do Plan Director, e do Anexo de Investimentos do Plan de Abastecemento e Saneamento incluído en ditos exercicios, conforme ó disposto no Informe de Fiscalización do Interventor Xeral de 20 de xullo de 2009; todo elo, o abeiro do disposto no artigo 86.2) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Deixando expresa constancia de que, conforme ó disposto na Memoria Ambiental emitida pola Consellería de Medio Ambiente, e Desenvolvemento Sostible de data 30 de marzo de 2009, rectificada mediante Resolución do Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de 4 de xuño de 2009, a posta en funcionamento dos usos previstos no Plan Parcial do SU-14 queda supeditada á previa execución das obras contempladas no Plan Director de Abastecemento e Saneamento Municipal, no que lle afecte, que permitan dotar ó sector destes servizos en condicións adecuadas para os usos e intensidades previstos.

SEGUNDO : Ratificar o Texto Definitivo do Convenio Urbanístico de data 17 de xullo de 2009 entre o Concello de Sanxenxo e a mercantil Mirador de Sanxenxo S.L., conforme o disposto no art. 237.4 da Lei 9/2002, debendo firmarse pola mercantil interesada, de prestarse a súa ratificación polo Pleno, dentro dos quince días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo, cos efectos legais previstos en caso de que isto non se produza.

TERCEIRO : Conforme ó disposto no informe de Fiscalización da Intervención Municipal de data 20 de xullo de 2009, os acordos anteriores quedan suxeitos aos condicionantes reflectidos en dito informe e, en particular, os seguintes:

- a. Que a cesión en metálico efectuada a favor da Administración como consecuencias dos actos xurídicos citados na proposta de convenio foi efectuada voluntariamente polo conveniente privado no marco dos dez días outorgados pola Resolución da Presidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de 15 de decembro de 2006.
- b. Que en consecuencia se produce a confirmación do sistema de actuación urbanística por iniciativa privada a través do sistema de compensación.
- c. Que en consecuencia ao convido se asume a obriga de esixir unha reserva do 20% de vivenda protexida no ámbito ou dentro da súa edificabilidade residencial, en virtude de normativa sobrevida de obrigado cumprimento. Porcentaxe que é en concepto de mínimos e inferior ao establecido con carácter xeral para os municipios de poboación inferior a 20.000 habitantes.
- d. Que a proposta de Convenio supón de facto unha renuncia clara e terminante a calquera esixencia de devolución do obxecto da cesión de forma clara, plena, pura, incondicional e irreversible polo conveniente privado e/ou axente urbanístico actuante que a efectuou.
- e. Que non será pois admisible ningún xénero de simulación da vontade nos termos anteriormente descritos.

- f. Que se deberá proceder a efectuar as achegas polos actuantes para a execución do Plan de Abastecemento e Saneamento nos termos aprobados polo Pleno no ano 2.006, coa necesaria actualización de prezos se fose preciso, en concepto de compromiso inicial voluntario, sen prexuízo das actualizacións derivadas dos CRONOGRAMAS, PLANIFICACIÓN, SEGUIMENTOS E EXECUCIÓN, do Plan de Obras e a sinalización das fontes de financiamento precisos para cada fase do momento. As variacións que non sexan actualización de prezos deben ser acordados de mutuo acordo.
- g. Que o desenrolo do Plan Parcial por etapas debe substancialmente compasarse ao desenrolo do Plan de Abastecemento e Saneamento no que lle afecte.

CUARTO : Estima-las alegacións formuladas por **D. Teodoro García Fernández** (Rexistro de Entrada nº 3717) de data 8 de agosto de 2007, por **D. Manuel Piñeiro Varela** (Rexistro de Entrada nº 2.282) de data 16 de maio de 2007, por **D. José Méndez Pombo** (Rexistro de Entrada nº 2.239) de 15 de maio de 2007, e **parcialmente a formulada por D^a. Raquel González García, en representación do Colectivo Ecoloxistas do Salnés** (Rexistro de Entrada nº 1.852) de 5 de maio de 2008, no senso contemplado nos informes do Arquitecto Municipal de data 17 de xullo de 2009 e do Asesor Xurídico de data 20 de xullo de 2009 e, de conformidade co reflectido no expediente, e **desestimar tódalas restantes alegacións presentadas** polos fundamentos contidos nos informes anteditos e os que se reflicten no expediente administrativo.

QUINTO : Ter por extinguida a suspensión do procedemento de outorgamento de licencias de parcelación, edificación e demolición no ámbito do SU-14, conforme ao disposto no art. 77.3 parágrafo segundo da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia

SEXTO : Publica-lo Acordo de Aprobación Definitiva do Plan Parcial do SU-14, no prazo dun mes dende a súa adopción no Diario Oficial de Galicia, e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas no Boletín Oficial de Pontevedra, ao abeiro do disposto no art. 92.2) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. E notificar dito Acordo persoalmente aos propietarios afectados e aos demais interesados no expediente.

SÉTIMO : Comunicar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, conforme o disposto no art. 92.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, o acordo de aprobación definitiva do Plan Parcial do SU-14 e, á vez, darlle traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con tódolos planos e documentos que integran o Plan sobre o que tivera recaído o acordo de aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar dito extremo, referindo no anuncio de aprobación definitiva a remisión da documentación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.-----

“REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONCELLO DE SANXENXO” : Polo **Sr. Secretario** dáse lectura ao ditame da Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais, de data 23 de Xullo actual, que na súa parte dispositiva di :

“”””
.....
.....
.....

PRIMEIRO: Aprobar Inicialmente o **“REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONCELLO DE SANXENXO”**, que consta de **34 Artigos e 1 Disposición Final**.

SEGUNDO: Expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia o expediente ós efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se produciran.

TERCEIRO: O presente regulamento entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no Artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local”””””.

O **Sr. Secretario**,a petición do Sr. Rodríguez Lorenzo,deu lectura ao resultado da votación que este asunto tivo na Comisión.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo**,en representación do **Grupo Mixto**,deu lectura ao escrito que a continuación transcríbese e do que solicitou que quedará constancia literal na acta:

“”””La Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Régimen Local, en su art. 22.2 dice que corresponden en todo caso, al Pleno, las siguientes atribuciones: El control y fiscalización de los órganos de gobierno.

El Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las entidades locales, de 22.11.86, en su art. 50, recoge que corresponde al Pleno, una vez constituido, conforme a lo establecido en la legislación electoral, las siguientes atribuciones: *Elegir y destituir al Alcalde, y el siguiente mandato, el de controlar y fiscalizar los órganos de gobierno municipales.*

Es decir, lo más importante después de la elección del Presidente de la Corporación , la primera competencia del Pleno es la de fiscalizar los órganos de gobierno.

Desde la noche de los tiempos siempre ha existido el derecho de petición que permite a los ciudadanos, individual o colectivamente, formular ante las instancias que los gobiernan cualquier tipo de solicitud y ya más próximo, cualquier ciudadano del Municipio le puede formular cualquier asunto, sin limitación en el número, sobre temas de su competencia.

Ustedes pretenden a través de su reglamento -más bien una mordaza que se proyecta imponer a VIPS- que con tres preguntas, otros tantos ruegos y el mismo número de mociones, se fiscalice un ayuntamiento como el nuestro, que en su primer año de gobierno (2007), aprobó un presupuesto de más de **114 millones de euros**; una Junta de Gobierno que en el pasado año levantó **235 acuerdos**; una Corporación en pleno que tomó **143 determinaciones, mas cientos de ruegos mociones y preguntas**. Pero la fiscalización también abarca otras cuestiones como pueden ser las **“resoluciones da alcaldía”**, **con 1.415** el pasado año; una Xerencia de urbanismo en la que se informaron **cerca de 400 expedientes en 2008**; la comisión de Cuentas Asuntos Económicos y Patrimonio **informó 49 acuerdos** (hacemos referencia a años anteriores, en algunos datos, pues este año aun no está cerrado); además de otras comisiones informativas, también tenemos empresas con capital 100% del concello, como Nauta Sanxenxo S.L. que actualmente tiene un presupuesto de **12.275.536 €** y otras como Insula Sanxenxo S.L. y Terra de Sanxenxo con 10.994.901 y 5.222.000 de Euros respectivamente.

¿Es este un reglamento presentado por unos/as señores/as que juraron o prometieron Guardar y hacer guardar la Constitución , que en su preámbulo nos pide que **“Establezcamos un estado democrático avanzado”**. Y solo se nos dejan presentar 18 Mociones, 18 ruegos y 18 preguntas, al año?.

Un reglamento basado en las prisas, las contradicciones y las mentiras. ¿Como se puede decir (ver el artículo 25), que los plenos rematarán el mismo día de su comienzo y **que nunca tendrán una**

Goberno posto que se estaban realizando estas afirmacións que eran mentira e corría perigo de que alguén pensara que eran certas porque non se respondían. Finalmente aludiu ,como mostra da axilidade que se lle pretende dar o Pleno,ao carácter non fixo das datas de celebración das sesións ordinarias.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, en representación do Grupo Mixto** empezou dicindo, respecto da data da celebración das sesións ordinarias do Pleno, que parecían depender de que unha concelleira que é Senadora este ou non en Madrid. Neste intre a **Sra. Presidenta** indicou o interveniente que non debería facer este tipo de referencias a situacións persoais de concelleiros. O Sr. Rodríguez Lorenzo reiterou que ía a votar en contra do Regulamento Orgánico porque pensaba impugnalalo e aludiu a que utiliza o tempo que a lei lle permite, non o que lle concede ninguén. Tamén citou que o Regulamento Orgánico, independentemente do límite das mocións, rogos e preguntas, ten cuestións absurdas como o límite máximo de duración dun Pleno a cinco horas cando as ordinarias se celebran a partires das 20,30 horas e, agora, prescribese obrigatoriamente o remate da sesión ao finalizar o día do seu comezo, polo que, como máximo, a duración do Pleno será de tres horas e media.

A **Sra. Agúin Pombo, en representación do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, indicou que presentará emendas esperando que se estuden en procura dun consenso.

O **Sr. Otero Domínguez, en representación do Grupo Municipal do B.N.G.** subliñou que neste Pleno discútese este Regulamento Orgánico e non outro se ben o presentado anteriormente polo menos valeu para que se sacará esta cuestión a debate. Aínda que coincide en algunhas partes co texto votará en contra e fará alegacións. Por último espera que se respecte que a data de celebración das sesións sexa fora do horario laboral, as 20,30, horas tal como acordouse por todos.

A **Sra. Presidenta** aludiu a que se respectaría o horario porque ela xa pasou pola oposición e sabía da importancia que para eles teñen que non se coincida o Pleno co horario laboral, independentemente de algunhas matizacións que poidan realizarse para permitir a asistencia de tódolos concelleiros/as ás sesións. A continuación a **Presidenta** deu lectura o artigo 26 do Regulamento Orgánico utilizado no período en que o Sr. Rodríguez Lorenzo era Alcalde e que amosaba un carácter moito máis restrictivo que o que agora pretendese aprobar. O Sr. Rodríguez Lorenzo precisou que o Regulamento Orgánico lido o aprobou o P.P. co seu voto en contra e el limitouse a aplicalo. A **Sra. Presidenta** salientou que o Regulamento Orgánico tan restrictivo o derogou o Partido Popular e en dúas lexislaturas funcionouse sen él, e, agora, son as actuacións do Sr. Rodríguez Lorenzo as que obrigan a aprobar un novo Regulamento Orgánico no que non se coarta a liberdade de ninguén.

En primeiro lugar procedeuse a votación da petición do **Grupo Mixto** de que este asunto quedara enriba da mesa, dándose o seguinte resultado :

Votos a favor : un (**Grupo Municipal Mixto**)
Votos en contra : nove (**Grupo Municipal do P.P.**)

Abstencións : sete (Grupo Municipal do B.N.G. e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo)

En consecuencia non se aprobou a petición do que asunto quedara enriba da mesa e a **Sra. Presidenta** procedeu a someter a votación a proposta dándose o seguinte resultado :

Votos a favor : nove (Grupo Municipal do P.P.)

Votos en contra : oito (Grupo Municipal do B.N.G., Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto)

Abstencións : cero

En consecuencia o Pleno da Corporación,pola maioría absoluta do número dos seus membros de dereito,adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO: Aprobar Inicialmente o “**REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONCELLO DE SANXENXO**”, que consta de **34 Artigos e 1 Disposición Final.**

SEGUNDO: Expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia o expediente aos efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se produciran.

TERCEIRO: O presente regulamento entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no Artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO :

298 : POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DA REPRESENTACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS : Polo **Sr. Secretario** dáse lectura ao escrito presentado por **D. David Otero Domínguez,Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G.** no Rexistro Xeral deste Concello co N° 4011 o día 11 de Xuño de 2009, que copiado literalmente di :

“*****”

REPRESENTACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, comunica a Vostede a asignación dos concelleiros/concelleiras ás diferentes Comisións Informativas, conforme co acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal, celebrado o 9 de Xullo de 2.007, do seguinte xeito :

-Comisión de **URBANISMO :**

Titular : David Otero Domínguez.

Suplentes : Albino Caneda González, Gloria González Camiña e Sandra Fernández Agraso.

urxencia da Moción que non foi apreciada ao obter **8 votos a favor do Grupo Municipal do B.N.G., Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Mixto e 9 votos en contra do Grupo Municipal do P.P.**-----

301 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO PARA QUE SE REALICEN O PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS DO ANO 2008 E 2009 (R. DE ENTRADA NÚM. 4392 DO 25.06.09) : Polo Sr. Secretario dáse lectura a moción que literalmente di :

“”””O Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo (PSdeG-PSOE) do Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e polo disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte :

MOCIÓN

O pasado sábado 20 de Xuño cumpríronse catro meses dende que as asociacións do concello de Sanxenxo tiveron que presentar a documentación para as subvencións do ano 2008. A realidade é que catro meses despois non hai confirmación algunha da cantidade asignada para cada unha, o prazo de entrega de xustificantes, nin se sabe cando se cobrarán.

Moitas destas asociacións, culturais, deportivas, anpas, etc están pasando serios apuros económicos para desenrolar as súas actividades poñendo os seus directivos cartos dos seus petos.

Por isto, solicitamos ó pleno da Corporación, a adopción do seguinte :

ACORDO :

- 1.- Que se realice o pagamento das subvencións correspondentes o ano 2008 e 2009 no menor tempo posible.
- 2.- Que nas próximas convocatorias se axilicen os trámites de pagamento”””””.

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo** xustifica a urxencia pola necesidade de que se aboén as subvencións para que as distintas asociacións poida continuar coas súas actividades.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que votaría en contra da urxencia por canto xa se están interesando en realizar, coa maior celeridade posible, os trámites que permitan o cobro das subvencións polas asociacións sen recorte algún.

A **Sra. Aguín Pombo** pregunta porque entón votan en contra e responde a **Sra. Alcaldesa** no senso de que o solicitado xa o fixo o Goberno Municipal

A continuación a **Sra. Alcaldesa** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que non foi apreciada ao obter **8 votos a favor do Grupo Municipal do B.N.G., Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Mixto e 9 votos en contra do Grupo Municipal do P.P.**-----

estética para todas elas.

A **Sra. Presidenta** dixo que votaría a favor da moción e significou o importante esforzo que supón o custo de mantemento das marquesiñas.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, na que tódolos membros da Corporación votaron a favor, adoptándose por unanimidade o seguinte acordo :

PRIMEIRO : Que o Concello de Sanxenxo retire e substitúa dunha forma progresiva as marquesiñas que sexan moi antigas e que proceda a substituílas por un modelo de marquesiñas que sexan iguais en todas as parroquias de este Concello.

SEGUNDO : Que tódalas marquesiñas deste Concello conteñan a seguinte información :

- Panel indicativo de ca é esa parada.
- Horarios de esa parada indicando a súa dirección.
- Mapa indicativo de tódalas paradas co seu Nome dende o Grove a Pontevedra.--

303 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO PARA QUE SE INSTE Á XUNTA DE GALICIA CO MODELO DE GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO DO ENSINO OBRIGATORIO (R. DE ENTRADA NÚM. 4637 DO 04.07.09) : Polo Sr. **Secretario** dáse lectura a moción que literalmente di :

“”””O Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación Municipal esta **MOCIÓN**, en base a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os socialistas sempre temos defendido a implantación na sociedade de dereitos cidadáns universais. A Educación e s Sanidade son un claro exemplo e así o entende a grande maioría da sociedade galega. Así pois, ao igual que defendemos un modelo de sanidade pública de calidade universal e gratuíto para todas e todos, tamén defendemos un sistema educativo público de calidade, universal e gratuíto para todos e todas.

Os socialistas, no pasado mandato, conseguimos dar un gran avance cara a consecución dun sistema educativo que cumprira as esixencias de calidade e universalidade, pero tamén cara á súa gratuidade como dereito dos cidadáns. Así, os socialistas conseguimos implantar en tan só catro anos en todos centros sostidos con fondos públicos, e en todos os niveis do ensino obrigatorio, un programa de gratuidade de libros de texto para todos e todas.

O actual goberno do Partido Popular, na súa obsesión por borrar todos os logros do goberno anterior, e porque ideoloxicamente sempre creu máis nos sistemas de beneficencia que nos dereitos dos cidadáns, está a acometer unha actuación sen precedentes no sistema educativo públicos do noso país. O Partido Popular pretende dar un paso atrás sen parangón en materia de dereitos cidadáns e eliminar o programa de gratuidade dos libros de texto, medida que foi no seu día a mellor valorada polo sociedade galega das tomadas polo nos goberno.

O Partido Popular pretende levar adiante un auténtico paso atrás en materia de dereitos cidadáns, e ten anunciado a supresión do dereito a unha educación gratuíta. Iso si, anuncio realizado cando os centros xa estaban baleiros e o curso escolar rematado, para así tratar de impedir a contestación social de comunidade educativa e da sociedade galega en xeral. É dicir, o fixeron con nocturnidade e aleivosía. Ademais, impediron cos seus votos as iniciativas impulsadas no parlamento galego instando á Xunta de Galicia a continuar co programa de gratuidade de libros de texto no ensino obrigatorio.

¿A quien de a pie, puede interesarle el número de vehículos que tiene su concello?, a todo aquel que se interese por saber de donde sale el dinero para los presupuestos municipales, debemos saber que los ingresos por el Impuesto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM), es una de las partidas mas grandes de las que se nutre un concello cada año y que hay alguno en el que es la mas grande.

Conociendo dicho dato, sabremos de donde sale una de las partidas “suculentas” que tiene, o puede tener, de ingresos un concello, y por lo tanto empezaremos a encontrar respuesta para saber de donde salen los importes para confeccionar nuestros presupuestos municipales.

Sanxenxo tiene un parque de 12.434 (incluidos los 305 remolques y tractores), a lo que hay que sumarles los 431 exentos o bonificados, lo que nos da **un total de 12.865**; como dicha suma es la cantidad que se utiliza oficialmente para medir el ratio de vehículos por persona, nos da que Sanxenxo tiene uno de 0,72, o lo que es igual **72 vehículos cada 100 habitantes**.

CENSO a 1 de junio de 2008

Turismos.....	8.463 / 17.315/habitantes0,49 %
Autobuses	3.....0,00 %
Camiones	1.458.....0,08 %
Motocicletas	2.205..... 0,13 %
Tractores y remolques	<u>305</u> <u>0,01 %</u>
	12.434	0,72 %

Hace muy pocos meses, si consideramos todos los municipio, España tenía de media 0,50 por habitante, 50 por cada cien.

En España cuando realizamos un análisis, teniendo en cuenta el tamaño de los municipios, comprobamos que los pequeños encabezan el índice de motorización **con 65,49 vehículos por cada cien habitantes**. A este índice contribuye decisivamente la menor implantación, o el poco uso, del transporte público en sus ciudades, villas, etc.

A uno de enero de 2006, último año que conseguimos para este estudio y que cumple perfectamente, sabemos que las capitales de provincias en España con:

MENOS DE 100.000 , SU MEDIA ES DE 65,49 cada cien habitantes

Entre las que se encuentran las Gallegas de Lugo 62,57 y Pontevedra 63,99

De 100.000 a 200.000 : Media de 57,80 cada cien habitantes.

Orense con el 69,69 está entre ellas, aunque supera dicho retio

200.000 a 500.000: Una media de 60 cada cien habitantes.

Entre dichas capitales de Provincia está A Coruña con 55,27, por lo que no llega a la media de

Mas de 500.000 : Una media de 58,23 cada cien habitantes

Superándolo Madrid casi 4 puntos: 62,10

Sanxenxo (exceptuando a P. de Mallorca, 77,24%) está por encima de todas las capitales de provincia de España, lo que no es mejor ni peor.

No es malo desde el punto de vista económico/municipal y por ello muchos concellos (suelen ser los pequeños), para hacer crecer sus ingresos promueven el empadronamiento de vehículos a gran escala, a sabiendas de que el resultado para las arcas municipales es muy rentable.

Podría no considerarse bueno, pues todos sabemos que la contaminación por emisión de gases es uno de los mayores problemas medioambientales que tenemos, y que los coches son la causa de un enorme porcentaje, aunque cada día se está potenciando más la fabricación de vehículos menos contaminantes, incluso de contaminación cero. **En todo caso, la contaminación se produce siempre, independientemente del lugar en el que se encuentre censado el vehículo.**

No debemos olvidar que los estudios dicen que cuantos más vehículos por habitante, en principio, es debido a una implantación deficiente del sistema público de transporte o a la inexistencia del mismo. **En el caso de Sanxenxo, el transporte público municipal está resultando el servicio menos rentable que ofrece el concello** al no ser utilizado por los vecinos, lo que requiere un pronto y detenido estudio, posiblemente sea el servicio público de transporte menos rentable que ofrezca un concello en todo Galicia. Un pequeño análisis nos dice que exceptuando los desplazamientos por asistencia a los centros médicos, nuestros vecinos no tienen una gran dependencia diaria de los núcleos urbanos siendo casi nulo el desplazamiento entre parroquias, además las distancias son relativamente cortas dentro del municipio, unido ello a una necesidad, por gran cantidad de vecinos que trabajan fuera del municipio, de desplazarse en un vehículo propio debido a lo que no podemos considerar un buen servicio de transporte supramunicipal, sobre todo en lo que se refiere a horarios, todo ello unido a la falta de cultura o costumbre del uso de un transporte público.

Hay una serie de municipios en España, que se dieron cuenta que el tener un gran ratio de vehículos empadronados, para nada tiene que significar su presencia física en los mismos y por lo tanto no producen incomodidad de ningún tipo, solo beneficios económicos. Lo explicaremos con un par de ejemplos de lo que podemos llamar **“paraísos fiscales para vehículos, una legalidad a poner en marcha”**.

De los paraísos fiscales, para vehículos, que tenemos repartidos por todo España, pondremos el ejemplo de unos cuantos que nos ilustren.

En Madrid, municipios como **Robledo de Chavela tiene un ratio de 760 vehículos** por cada cien habitantes; **Colmenar del Arroyo 580**; **Venturada 490**; Al ser las tasas fiscales muy bajas, en cuanto a vehículos se refiere, ocasiona que muchos ciudadanos de otros municipios tengan sus vehículos asentados en los padrones de estos **“ paraísos fiscales españoles para vehículos”**

Aunque las reseñas expuestas parezcan exageradas, decir que si seguimos buscando datos nos encontramos concellos como **La Cerollera, en Teruel, donde tienen el ratio de 3.720 cada cien habitantes**; **Rajadell (Barcelona), con 3.010 cada cien habitantes** y **Sarratella (Castellón), con 2.740 vehículos por cada cien habitantes**, un pequeño municipio alicantino, Benidoleig, que con 1.221 habitantes tiene un censo de 8.547 vehículos, lo que equivale a **700 vehículos por cada cien habitantes**.

El Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica es un tributo directo, establecido con carácter obligatorio en el texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo, se creó en España hace 19 años y grava la titularidad de los vehículos aptos para circular por las vías públicas cualesquiera que sean su clase y categoría y por el

cual se paga sin tener para nada en cuenta la renta de las personas, que sea utilizado para deporte, paseo o trabajo. Pero al ser abierto, al permitir la Ley que cada concello fije sus tarifas dentro de una banda de referencia, dio lugar a los paraísos fiscales, iniciado por los propietarios de grandes flotas de vehículos que al darse cuenta de dichas diferencias y al desaparecer la referencia provincial de las matriculas españolas a finales del 2000, empezaron a matricular sus vehículos en los concellos mas económicos, lo que a la vez hizo que muchas corporaciones aprovecharan para bajar el I.V.T.M., buscando su propio beneficio al aumentar los ingresos basándose en mayor número de vehículos.

La mayoría de los coches matriculados en estos paraísos fiscales son de empresas de alquiler y de compañías que disponen de grandes flotas, muchas veces de vehículos de lujo que pagan impuestos elevados y que, por tanto, en estos municipio encuentran una mayor rentabilidad económica.

Se trata, además, de una argucia plenamente legal, pues la legislación vigente sólo obliga a estas empresas a tener un domicilio en ese municipio, lo que todas ellas cumplen con rigurosidad.

En cuanto a los particulares, se basan en segundas residencias, casas de amigos o familiares, en las que se empadronan y sobre lo cual los concellos no ejercen una especial comprobación; lo que desde el puntos de vista de la defensa de los intereses de sus ciudadanos, todo el mundo entiende.

Como podemos comprobar, Sanxenxo es uno de los municipios, que basados en la flota de vehículos propiedad de sus vecinos, tiene uno de los mayores ratios de España (**72 por cada cien habitantes**); pero si nos comparamos con los municipios (correspondientes a los paraísos fiscales) en los cuales el único ratio que les interesa a sus dirigentes (**que son los que nosotros también debemos procurar**), o sea, **el de mayores ingresos en base a menos coste para sus vecinos, entonces estamos muy por debajo de los municipios Españoles que tienen los ingresos en sus concellos y los vehículos en otros.**

Tabla con la potencia y clase de vehículo. Ley reguladora de las Haciendas Locales.	Cuota mínima permitida 2009	Cuota Concello de Sanxenxo	Cuota máxima permitida 2009 (lo doble)
A) Turismos:			
De menos de ocho caballos fiscales	12,62	14,84	25,24
De 8 hasta 11,99 caballos fiscales	34,08	40,08	68,16
De 12 hasta 15,99 caballos fiscales	71,94	84,60	43,88
De 16 hasta 19,99 caballos fiscales	89,61	179,22	179,22
De 20 caballos fiscales en adelante	112,00	224,00	224,00
B) Autobuses:			
De menos de 21 plazas	83,30	104,04	166,60
De 21 a 50 plazas	118,64	162,30	237,28
De más de 50 plazas	148,30	219,34	296,60
“C) Camiones:			
De menos de 1.000 kilogramos de carga útil	42,28	49,72	84,56
De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil	83,30	97,96	166,60
De más de 2.999 a 9.999 kilogramos de carga útil	118,64	175,47	237,28

De más de 9.999 kilogramos de carga útil	148,30	235,65	296,60
D) Tractores:			
De menos de 16 caballos fiscales	17,67	20,78	35,34
De 16 a 25 caballos fiscales	27,77	32,66	55,54
De más de 25 caballos fiscales	83,30	97,96	166,60
E) Remolques y semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:			
Menos de 1.000 y más de 750 kilogramos. de carga útil	17,67	20,78	35,34
De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil	27,77	32,66	55,54
De más de 2.999 kilogramos de carga útil	83,30	123,20	166,60
F) Vehículos:			
Ciclomotores	4,42	5,20	8,84
Motocicletas hasta 125 centímetros cúbicos	4,42	5,20	8,84
Motocicletas de más de 125 hasta 250 centímet. cúbicos	7,57	8,90	15,14
Motocicletas de más de 250 hasta 500 centímet. cúbicos	15,15	17,82	30,30
Motocicletas de más de 500 hasta 1.000 centím. cúbicos	30,29	48,13	60,58
Motocicletas de más de 1.000 centímetros. cúbicos	60,58	103,53	121,16
Recaudación prevista 2009 en Sanxenxo		774.051,30	

Rebajar el impuesto y recaudar mas lo entendemos factible pues a través de un concejal negociador se podrían traer para nuestro concello, de forma legal, verdaderas flotas de vehículos, comenzando por las de.

- Transportes regulares de todo Galicia y en especial los que tienen recorridos en nuestro municipio, (ofreciéndoles incluso los pagos fraccionados por empadronar sus flotas de vehículos en Sanxenxo).
- Empresas de alquiler de vehículos de todo Galicia, mismo convenio que con los anteriores.
- Todas las flotas de las empresas que trabajan para el concello: aguas, basuras, limpiezas colexios, etc. censar en Sanxenxo sus automóviles, a cambio de determinados convenios muy favorables para ambas partes.
- Otros a comentar en comisión y sobre los cuales nos reservamos exponer por ahora.

ESTAMOS SEGUROS DE QUE BAJAR ESTE IMPUESTO, CON UNA POLITICA DE PUBLICIDAD Y OFERTAS A DETERMINADAS EMPRESAS, AUMENTARÍA LOS INGRESOS DE UNA FORMA MUY CONSIDERABLE IGUAL QUE OCURRIO EN MUCHOS MUNICIPIOS ESPAÑOLES. En todo caso la ayuda a nuestros vecinos sería innegable en unos tiempos tan difíciles y en los que todos debemos discurrir y arrimar el hombro, esperando tiempos mejores.

Por todo lo anterior y para que a través de una comisión de estudio se llegue a la conclusión de si nos conviene o no hacer una rebaja del IVTM. al mínimo permitido por la Ley Reguladora de la Haciendas

CARTEL, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DOS ACCESOS A FONTE E LAVADOIRO DE BARROSA - ADINA (R. DE ENTRADA NÚM. 5087 DO 22.07.09) : Polo Sr. Secretario dáse lectura a moción que literalmente di :

“”””O Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo (PSdeG-PSOE) do Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e polo disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte :

MOCIÓN

Na Barrosa, na parroquia de Adina hai unha fonte e lavadoiro de pedra que fai pouco tempo que foi restaurado. A realidade é que o lavadoiro está cheo de auga con musgo completamente sucio e a fonte tamén necesita unha limpeza da mesma.

Os accesos a mesma non son os máis axeitados xa que iniciaron uns accesos de pedra nunha parte sen rematar e esta chea de maleza sendo difícil o acceso.

Esta fonte lavadoiro tampouco conta con cartel de sinalización donde indique o nome da mesma que faga constar que a auga é potable ou non.

Po isto solicitamos ó Pleno da Corporación, a adopción do seguinte :

ACORDO :

- 1.- Que se proceda a limpeza da fonte-lavadoiro.
- 2.- Colocación dun cartel que sinale a nome da fonte e as características da súa auga.
- 3.- Acondicionamento e mellora dos accesos a fonte””””.

A Sra. Aguín Pombo voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo xustificou a urxencia da moción no estado no que atópase o lavadoiro.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción que foi aprobada por unanimidade.

A Sra. Aguín Pombo reiterou en defensa da moción os argumentos expostos no texto da mesma.

A Sra. Alcaldesa subliñou que apoiarían a moción porque precisamente foi este goberno o que fixo a fonte.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, na que todos os membros da Corporación votaron a favor, adoptándose por unanimidade o seguinte acordo :

“”””Na Barrosa, na parroquia de Adina hai unha fonte e lavadoiro de pedra que fai pouco tempo que foi restaurado. A realidade é que o lavadoiro está cheo de auga con musgo completamente sucio e a fonte tamén necesita unha limpeza da mesma.

Os accesos a mesma non son os máis axeitados xa que iniciaron uns accesos de pedra nunha parte sen rematar e esta chea de maleza sendo difícil o acceso.

Esta fonte lavadoiro tampouco conta con cartel de sinalización donde indique o nome da mesma que faga constar que a auga é potable ou non.

ACORDO :

- 1.- Que se proceda a limpeza da fonte-lavadoiro.
- 2.- Colocación dun cartel que sinale a nome da fonte e as características da súa auga.
- 3.- Acondicionamento e mellora dos accesos a fonte””””””.-----

307 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (P.P.) SOBRE APOIO NECESARIOS OS TRABALLADORES DE “ARMARIOS ALONSO” : Polo Sr. Secretario dáse lectura a moción que literalmente di:

“””””D. Ángel Casal Moldes, Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Sanxenxo eleva ó Pleno da Corporación para o seu debate e toma en consideración a seguinte

MOCIÓN

O persoal da empresa Armarios Alonso está a pasar uns momentos críticos motivados pola inestabilidade laboral e, por extensión, tamén persoal que veñen sufrindo polo posible peche da empresa. Os medios de comunicación fixéronse eco de que á volta das vacacións o persoal atopouse coas portas da empresa pechadas, non podendo volver ás tarefas de produción que viñan realizando previamente. Igualmente, informaban da situación económica dos mesmos, derivada de non atoparse a empresa ao corrente do pagamento das nóminas ós obreiros.

Ante unha situación coma esta, o Grupo Municipal de Partido Popular propón á Corporación Municipal en pleno a adopción do seguinte

ACORDO

Solicitar á dirección da empresa Armarios Alonso e aos responsables da Consellería de Traballo e Benestar que poñan todos os medios ó seu dispor para que a inestabilidade pola que están a pasar os obreiros se solvente o antes posible e a situación dramática que están a sufrir teña o seu fin o antes posible”””””.

A **Sra. Presidenta** dixo que era fundamental chegar a un acordo que permita aos traballadores voltar ao traballo ou,alomenos,saber exactamente cal e a súa situación para poder defender os seus dereitos.

A **Sra. Aguiñ Pombo,voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo** aludiu que votaría a favor pola situación na que se atopan as familias afectadas.

O **Sr. Otero Domínguez,voceiro do Grupo Municipal do B.N.G.** indicou que eles tamén presentaron unha moción sobre este asunto e,aínda que a do Partido Popular non vai nesa liña,non ían a polemizar nun asunto tan delicado como este lembrando que o ideal era que se chegara a un acordo pero que o ve tremendamente difícil, lendo a continuación a moción do B.N.G. sobre este asunto que ten o seguinte texto literal :

“””””D. David Otero Domínguez, portavoz do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO

EXPÓN :

Na actual situación pola que están a pasar os 39 traballadores da empresa ARMARIOS ALONSO, que dende hai meses están a sufrir as consecuencias de unha inestabilidade laboral derivada dunha mala xestión empresarial, situación agravada como consecuencia da crise económica; e actualmente acumulan máis de catro meses sen percibir o seus salarios, cunha situación de despido tácito - recoñecido pola propia Inspección de Traballo- e sufrindo a indefensión que supón non poder acceder as prestacións por desemprego, xa que a empresa se nega a facilitarlles a carta de despedimento.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita que o Pleno da Corporación adopte o seguinte

A C O R D O:

Amosar o apoio aos traballadores de Armarios Alonso e esixir ao empresario que, respectando os dereitos legais dos mesmos, lle poña inmediatamente solución á dramática situación na que se atopan os 39 traballadores e as súas familias. Acabando así coa indefensión e inestabilidade que están a padecer”””””.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que o máis axeitado sería chegar a unha fusión das dúas mocións.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto** sinalou que tamén presentou unha moción ao respecto, da cal deu lectura íntegra o **Sr. Secretario** :

“”””” José L. Rodríguez Lorenzo, representante de VIPS (*Veciños Independientes Por Sanxenxo*) en la Corporación, expone :

Hace meses, casi dos años, le anunciaba en este pleno que su proceder no era el adecuado para la continuidad de armarios Alonso, hoy escapando a políticas solo pensadas desde el punto de vista del voto, seguro que más de uno solicita lo que ya no tiene remedio, pero lo importante es “hacer política” aunque sea a costa de los trabajadores.

Donde están las empresas que se iban a establecer en el polígono, lo harían a docenas, ¿Dónde están?.

Sabe Usted que me podría extender todo lo que deseasen; pero prefiero que se su día grande, su día y el de otros, en el que por primera vez se preocupen de armarios Alonso.

Moción.

Que se preste el apoyo necesario a los trabajadores de armarios Alonso, para que dentro de las posibilidades, sean resarcidos de los que les corresponde en lo que es un cierre sin marcha atrás”””””.

A **Sra. Presidenta** aludiu a que opoñeríase a moción do Sr. Rodríguez Lorenzo, non polo texto do acordo, senón pola exposición previa na que faise alusión ao Polígono Empresarial cando non ten nada que ver.

O **Sr. Otero Domínguez** tampouco coincidiu coa moción do Sr. Rodríguez Lorenzo polos termos empregados no texto.

A continuación os **Sres. Casal Moldes e Otero Domínguez** amosaron a súa conformidade para que se fusionaran os texto das súas mocións e se votaran conxuntamente.

A **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración de urxencia do texto conxunto das mocións do Grupo Popular e do Grupo do B.N.G. resultando apreciada por unanimidade dos membros da Corporación.

A **Sra. Presidenta**, ao non haber intervencións, procedeu a someter a votación o texto conxunto das mocións presentadas polo **Grupo Popular e polo Grupo Municipal do B.N.G.** que resultou aprobado por unanimidade dos membros da Corporación, adoptándose en consecuencia o seguinte acordo :

“”””” O persoal da empresa Armarios Alonso está a pasar uns momentos críticos motivados

pola inestabilidade laboral e, por extensión, tamén persoal que veñen sufrindo polo posible peche da empresa. Os medios de comunicación fixéronse eco de que á volta das vacacións o persoal atopouse coas portas da empresa pechadas, non podendo volver ás tarefas de produción que viñan realizando previamente. Igualmente, informaban da situación económica dos mesmos, derivada de non atoparse a empresa ao corrente do pagamento das nóminas ós obreiros.

Na actual situación pola que están a pasar os 39 traballadores da empresa ARMARIOS ALONSO, que dende hai meses están a sufrir as consecuencias de unha inestabilidade laboral derivada dunha mala xestión empresarial, situación agravada como consecuencia da crise económica; e actualmente acumulan máis de catro meses sen percibir o seus salarios, cunha situación de despido tácito -recoñecido pola propia Inspección de Traballo- e sufrindo a indefensión que supón non poder acceder as prestacións por desemprego, xa que a empresa se nega a facilitarlles a carta de despedimento.

ACORDOS :

Solicitar á dirección da empresa Armarios Alonso e aos responsables da Consellería de Traballo e Benestar que poñan todos os medios ó seu dispor para que a inestabilidade pola que están a pasar os obreiros se solvente o antes posible e a situación dramática que están a sufrir teña o seu fin o antes posible.

Amosar o apoio aos traballadores de Armarios Alonso e esixir ao empresario que, respectando os dereitos legais dos mesmos, lle poña inmediatamente solución á dramática situación na que se atopan os 39 traballadores e as súas familias. Acabando así coa indefensión e inestabilidade que están a padecer""""".-----

308 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOBRE APOIO NECESARIOS OS TRABALLADORES DE "ARMARIOS ALONSO" : O Sr. Rodríguez Lorenzo volveu a leer a moción transcrita coa ocasión do anterior acordo :

""""José L. Rodríguez Lorenzo, representante de VIPS (*Veciños Independientes Por Sanxenxo*) en la Corporación, expone :

Hace meses, casi dos años, le anunciaba en este pleno que su proceder no era el adecuado para la continuidad de armarios Alonso, hoy escapando a políticas solo pensadas desde el punto de vista del voto, seguro que más de uno solicita lo que ya no tiene remedio, pero lo importante es "hacer política" aunque sea a costa de los trabajadores.

Donde están las empresas que se iban a establecer en el polígono, lo harían a docenas, ¿Dónde están?.

Sabe Usted que me podría extender todo lo que deseasen; pero prefiero que se su día grande, su día y el de otros, en el que por primera vez se preocupen de armarios Alonso.

Moción.

Que se preste el apoyo necesario a los trabajadores de armarios Alonso, para que dentro de las posibilidades, sean resarcidos de los que les corresponde en lo que es un cierre sin marcha atrás""""".

O concelleiro poñente dixo que dúbida moito das intencións do propietario da empresa e que a él, como traballador da mesma, debíase unha importante cantidade de diñeiro.

A **Sra. Presidenta** precisou que votaría a favor da urxencia pero non a moción.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción que foi aprobada por unanimidade.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, sinalou que a necesidade era apremiante, que o texto da moción era o adecuado e que sempre pensou que o traslado a Cambados da empresa suporía a súa morte.

A **Sra. Presidenta** reiterou que o seu voto negativo non era polo acordo en si senón polo enunciado.

O **Sr. Otero Domínguez** subliñou que había indicios que anunciaban que isto ía a suceder como a localización da empresa, ao lado do Polígono pero non dentro, pero, agora, chegouse a un conflito laboral sen retorno polo que lle informaron os representantes dos traballadores sen querer entrar noutras cuestións que se dixeron como as conversas Alcaldesa – empresario, recalificacións, permutas, etc.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** non lle cabe a menor dúbida de que a empresa puido salvarse de haber actuado doutra forma, tal como el xa anunciara nun Pleno. Finalmente amosou a súa estrañeza pola coincidencia das mocións do P.P. e do B.N.G. e aludiu a que tratábase dunha movida política na que estaban presentes os tres partidos maioritarios da Corporación.

A **Sra. Alcaldesa** explicou que non existía ningunha coincidencia porque, a lo menos, ao P.P. o chamaron os representantes sindicais dos traballadores e, a vista da situación, actuaron con urxencia, como imaxinaba que fixo o B.N.G. Reiterou que o asunto do Parque Empresarial non tivo nada que ver nesa situación e, polo respecto que lle merece o Sr. Rodríguez Lorenzo como traballador desa empresa, prefíre non falar máis do asunto.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo**, dada a reticencia que desperta o enunciado da súa moción, en aras a un consenso, o retira, deixando tan so a parte dispositiva.

